

Recomendacións verán

*Estimular as bases
para a
aprendizaxe infantil*



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP PLURILINGÜE DE CASTRELO
Curso 2019/20



Un aspecto importante atribuíble ó fracaso escolar é unha mala base consolidada na etapa de Educación Infantil.

Está relacionada co desenvolvemento neuro-senso-psicomotriz co que acceden @s nen@s á Educación Primaria. E aquí é onde se da a importancia da estimulación no ámbito familiar.

Dende a casa podemos axudar ás nenas e nenos á prevención destas dificultades madurativas e compensar así o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe realizado dende o colexio.

Segundo isto, imos recoller aqueles aspectos que serían beneficiosos e aqueles outros que se perciben como erróneos para un axeitado desenvolvemento.

EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Moverse e interactuar coa súa contorna de forma activa promove un dominio maior das habilidades motoras, sensoriais, emocionais e cognitivas, entendidas como a base para acceder á aprendizaxe da lectoescritura.

EXPLORACIÓN

A medida que **exploran e xogan**, poden comprender o seu entorno e estruturar o seu pensamento, **clasificar obxectos por tamaños**, pola **cor** ou a **forma**, polo que pode emparellar obxectos que teñamos pola casa.

Departamento de Orientación
CEIP Plurilingüe de Castrelo



	Fomentar o xogo libre “non dirixido”, con pezas soltas, incentiva a súa creatividade, ofrecéndolle obxectos do entorno que lles permitan imaxinar diferentes situacións (tapóns, pedras, cunchas, paus, caixas de cartón,...).
MOTRICIDADE  	A motricidade é requisito previo para acceder á lectura, polo que é importante que na manipulación dos obxectos gañen autonomía en actividades de uso frecuente: abrir/pechar botellas, varrer, sacudir a roupa, amasar, cortar, insertar, saber usar utensilios da cociña, botar auga nun vaso, transportar obxectos/líquidos, axudar a dobrar e gardar a súa roupa, limpar cando se derrama algo, etc. Estas ideas serán a base dun futuro agarre do útil de escritura, pois a madurez neste aspecto será clave para aprender a escribir. Para conseguir unha motricidade fina axeitada, debemos empezar pola importancia de estimular as súas habilidades motrices grosas como lanzar ou atrapar unha pelota, arrastarse, gatear e camiñar mantendo unha axeitada coordinación, subir e baixar escaleiras, andar en bicicleta, reptar, ... necesarios para controlar a súa postura e estabilizar o seu propio corpo para un correcto desenvolvemento motriz.
LINGUAXE 	É un dos procesos máis complexos e de maior desenvolvemento nesta etapa. É importante estimular o desenvolvemento da linguaxe, fundamentalmente oral, de cada neno e nena, a través do xogo e da exploración e manipulación. Como consellos para apoiar aos nenos neste proceso recolleamos a importancia de inventar historias a través de imaxes dun libro ou imaxes soltas; mentres xogan, fomentar a emisión de sons que poden ser de



	<i>animais, medios de transporte, instrumentos,...</i> ou con <i>xogos de adiviñanzas</i> con sons; <i>incentivar a lectura conxunta</i> (nós lemos e eles infiren ou inventan a través das imaxes), tendo en conta que a lectura amplía o vocabulario e se establecen momentos de interacción e de diálogo; aproveitar calquera momento para <i>nomear as cousas que o rodean</i>, solicitándolle que nos pasen obxectos, que <i>nomeen as partes do corpo</i> durante o baño, que xoguen en xeral pois a linguaxe se desenvolve interactuando na contorna. O obxectivo nesta etapa será a familiarización co <i>son das letras</i> (conciencia fonolóxica), que será o que fará que por si solos accedan á lectura.
ATENCIÓN 	Antes de ensinar a ler, debemos favorecer a maduración das súas habilidades visuais como centro do procesamento encargado de identificar e recoñecer a figura e forma de letras e palabras. Para isto, debemos poñer atención á estimulación de habilidades como: <i>a discriminación</i> (diferenciar figuras similares, poder emparellar obxectos), <i>a coordinación do movementos oculares</i> (enfocar, seguir un camiño para chegar a un punto) ou <i>a memoria visual</i> (recordar e identificar o que vemos).
AUDICIÓN 	É importante que sexan capaces de localizar a procedencia dun determinado son para poder manter unha correcta atención, que <i>comprenda varias consignas e/ou ordes verbais seguidas</i>, sen perderse e sendo capaces de executalas (xogos de <i>discriminación de palabras semellantes</i> auditivamente, <i>retahilas</i>, <i>reproducir onomatopeias</i> expostas previamente, <i>cancións</i>, aportarlles <i>ordes sinxelas</i> e que as realicen, facéndoas progresivamente máis longas).



❖ Exemplos de actividades:



Clasificacións de materiais

Manipulación



Coordinación



Departamento de Orientación
CEIP Plurilingüe de Castrelo